

# A relación entre a literatura e a internet nos inicios do século XXI nas literaturas ibéricas: o caso da microficción

XAVIER FRÍAS CONDE

UNED

**Resumo:** O desenvolvemento imparábel da internet na primeira década do século XXI ten suposto unha revolución lenta mais constante da literatura. O seu impacto nas literaturas ibéricas é diferente segundo a situación en que se encontren (situación socioliteraria). Por outra banda, a internet está a supor a aparición de novos xéneros literarios, cuxa presenza nas literaturas ibéricas xa é notábel, como o microconto ou o nanoconto, cuxas características aínda non foron claramente definidas.

**Palabras clave:** microliteratura, microconto, nanoliteratura, nanoconto, literaturas ibéricas, internet.

**Abstract:** The unstoppable development of the Internet during the first decade of the current century has meant a slow but constant revolution of Literature. Its impact on Iberian literatures may vary depending on their social situation. Besides, the Internet is supporting the birth of new literary genres, whose increasing presence in the Iberian literatures must be highlighted, i.e. microstories and nanostories, whose features have not been completely defined yet.

**Key words:** microliterature, microstory, nanoliteratura, flash fiction, Iberian literatures, Internet

## 1. INTRODUCCIÓN

A literatura en xeral está a asistir a un período moi convulso canto aos soportes en que se basea. O mundo editorial está a procurar novos vieiros que permitan facer chegar o *libro* (un concepto que seica precisará de reformulación) ao público lector con maior facilidade. Mais entrementres, os modos de difusión mudaron radicalmente. Desde a chegada, ou máis ben, a expansión da internet, o modo de chegar até a literatura está a mudar radicalmente. Non se trata só dunha polémica entre a pervivencia do libro tradicional e a imposición do libro

electrónico —que, ao meu ver, non irá a ningures porque o libro en papel non desaparecerá, embora o libro electrónico chegue a ter o seu propio espazo—, mais dos efectos que está a ter a internet na literatura.

## 2. LITERATURA E INTERNET: OS NOVOS XÉNEROS

Quen pensar que as literaturas que máis se aproveitan da internet son aquelas non estatais engánase. Na realidade, a presenza de creacións literarias en español e portugués é inmensa, nomeadamente no continente americano. Ora ben, si é ben certo que a gratuidade da rede está a favorecer que a literatura nas linguas non estatais estea a chegar a públicos que serían inalcanzábeis só no formato tradicional. Trátase, xa que logo, dunha ampliación tanto do público obxecto canto da produción literaria, porque moitos escritores amadores están a facer da rede a súa editora, a súa distribuidora e mais o seu vehículo creativo. Todo iso ten unha parte positiva, mais tamén negativa, porque a entrada descontrolada de *escritores* na rede, alén de sobrecargar a produción, non está suxeita a ningún filtro de calidade, mais esa xa é outra cuestión.

De todos os xeitos, o que nos interesa salienta de todo este proceso é a aparición de xéneros adaptados á realidade da internet, xéneros que optan pola brevidade, talvez en consonancia coa velocidade con que todo se muda na vida actual ou, se cadra, porque a internet exige tamén brevidade.

Para alén do desenvolvemento do libro electrónico e as cuestións dixitais que hoxe en día están a atraer a atención dos especialistas, o nacemento dos xéneros breves, embora non sexa algo propio da internet, si está a ter nela o seu maior soporte.

## 3. A MICROFICCIÓN

Podemos aludir a este novo tipo de literatura co nome de *microficción* (ou *minificción*), onde os seus trazos fundamentais son coñecidos, mais non existen uns parámetros padronizados sobre o que é a microficción.

Comecemos por atender para aquelas características que son máis ou menos aceptadas acerca da microficción. En primeiro lugar, recollemos esta serie de definicións complementares da man de J. Romagnoli<sup>1</sup>.

A continuación, reproduzo comentarios de algunos de los más importantes teóricos de la microficción (o cualquiera de sus sinónimos más o menos aceptados) en el mundo hispanoparlante:

«La minificción es la narrativa que cabe en el espacio de una página», nos dice el mexicano, teórico del género, Lauro Zabala, remarcando como fundamental su naturaleza *narrativa*.

---

<sup>1</sup> Romagnoli, Juan. *Qué es la microficción* en <http://cablemodem.fibertel.com.ar/jromagnoli/teoria.htm> [08.08.2010]

La escritora española Clara Obligado lo compara con el haikú japonés, y nos dice que *«son vértigo, seducción, vislumbre; el lector debe rematar su efecto, entrar en un proceso delicado de lectura desentrañadora y reiterada. Y resumirlos es sumarles palabras»*.

Dolores M. Koch, (...), destaca entre otras características del microcuento su sentido del humor y su preocupación por el lenguaje, toda vez que *«ofrece una prosa sencilla pero ingeniosa, poética y a la vez concisa. Su poder de sugerencia permite más de una interpretación»*.

(...) la española Francisca Noguerol sostiene que esta forma breve, *«que raramente supera la página de extensión»*, se diferencia del cuento tradicional *«por sus tramas ambiguas, personajes abocetados, lenguaje multívoco y finales sorprendentes»*.

La investigadora venezolana Violeta Rojo señala, como características del género, *«su extrema brevedad»*, *«economía de lenguaje»* y *«carácter proteico»*, *«que exigen la participación del lector»*.

La escritora argentina Ana María Shua apunta como característica en el relato hiperbreve su profunda inclinación hacia lo fantástico.

Raúl Brasca, escritor argentino y especialista del género, describe el microrelato como *«una forma muy breve que posee suficiencia narrativa y cuyas principales características son la concisión y la intensidad expresiva»*.

Otro escritor y especialista del género, también argentino, David Lagmanovich, los describe como *«cuentos concentrados al máximo, bellos como teoremas»*, y que desafían *«nuestras maneras rutinarias de leer»*.

El maestro Enrique Anderson Imbert aseguraba que *«las raíces del cuento brevísimo se encuentran en los relatos más antiguos de la tradición oral: los mitos, las fábulas y las parábolas de las civilizaciones clásicas griegas, romanas y orientales»*.

Y según Rodolfo Fogwill, *«una de las reglas secretas del género es la proscripción de todo guiño a la contemporaneidad de los lectores; las piezas parecen más eficaces cuanto mejor simulan haber sido creadas desde la eternidad del sueño y de sus realizaciones universales: la religión, el mito y los acervos literarios que funcionan como mitos»*.

Resulta moi interesante a comparación co haiku xaponés, establecendo un paralelismo que, ao noso ver, fai moito sentido. Algunhas das ideas apuntadas enriba son fundamentais para entender o que é este microconto que cada vez se atopa máis na rede: predominancia do fantástico, linguaxe multívoca, finais sorprendentes, concisión e enxeño.

Esther Patrocinio Sánchez<sup>2</sup> ofrece unha breve visión sincrónica do microconto no contexto hispánico, a comezar polas súas orixes —que loxicamente están fóra do mundo virtual:

<sup>2</sup> En <http://literaturaactual.suite101.net/article.cfm/microficción> [08.08.2010]

Un microrrelato es una obra cuyas principales características son la brevedad de contenido, títulos relacionados con el texto, diversidad temática y economía de palabras.

Es un fenómeno literario nuevo que se ha ido poniendo de moda en el último siglo de la mano de cultivadores de la ficción hispanoamericana como Jorge Luis Borges, Julio Cortázar o Gabriel García Márquez, entre otros. En España se puede destacar a Luis Mateo Díez, Max Aub o Antonio Pereira.

### Orígenes de la microficción literaria

La microficción se origina en la tradición oral y va tomando cuerpo durante la Edad Media a través de la literatura didáctica. Es lógico ya que al ser tan breve era mucho más fácil de retener en la memoria y transmitir después a otros.

Algunos estudiosos del tema han considerado el microrrelato como la versión en prosa del *haiku* oriental y otros lo han hecho derivar de la literatura lapidaria herencia de época griega y romana.

### Literatura castellana

En la literatura española se populariza en la época moderna gracias a dos fenómenos: la explosión de las vanguardias con su renovación expresiva y la proliferación de revistas que exigían textos breves ilustrados para llenar sus páginas culturales. Algunas de las greguerías de Ramón Gómez de la Serna son verdaderos microrrelatos.

El *microrrelato* llega a su madurez en la segunda mitad del siglo XX: ya no se trata de un ejercicio de estilo sino que se presenta como una auténtica propuesta literaria.

Proliferan así estas historias concentradas al máximo que ponen a prueba nuestra forma de leer; cumplen los principios básicos de la narrativa pero altamente concentrados en pequeñas dosis.

Por tanto, é evidente que o microconto non é un xénero adventicio, mais tan antigo como calquera outro, aínda que con nomes diferentes segundo as épocas.

Porén, o microconto moderno garda unha filosofía que cada vez se torna máis global. Un dos moitos «manifestos» sobre a filosofía do microconto é este<sup>3</sup>:

1. Un microconto é unha historia mínima que non necesita máis que unhas poucas liñas para ser contada, e non o resumo dun conto máis longo.
2. Un microconto non é unha anécdota, nin unha greguería, nin unha ocorrencia. Como todos os relatos, o microconto ten formulación, nó e desenlace e o seu obxectivo é contar un cambio, como se resolve o conflito que se formula nas primeiras liñas.

<sup>3</sup> <http://www.slideshare.net/felipedavidcc/n-2-como-facer-microrrelatos> [08.08.2010]

3. Habitualmente o período de tempo que se conte será pequeno. É dicir, non transcorrerá moito tempo entre o principio e o final da historia.
4. Convén evitar a proliferación de personaxes. Polo xeral, para un microconto tres personaxes xa son multitude.
5. O microconto adoita suceder nun só escenario, dous como máximo. Son raros os microcontos con escenarios múltiples.
6. Para evitar alongarnos na presentación e descrición de espazos e personaxes, é aconsellable seleccionar ben os detalles cos que serán descritos. Un detalle ben elixido pode dicilo todo.
7. Un microconto é, sobre todo, un exercicio de precisión en contar e no uso da linguaxe. É moi importante seleccionar drasticamente o que se conta (e tamén o que non se conta), e atopar as palabras xustas que o contén mellor. Por esta razón, nun microconto o título é esencial: non ha de ser superfluo, é bo que entre a formar parte da historia e, cunha extensión mínima, ha de desvelar algo importante.
8. Malia a súa reducida extensión e ao mínimo do suceso que narran, os microcontos adoitan ter un significado de orde superior. É dicir: contan algo moi pequeno, pero que ten un significado moi grande.
9. É moi conveniente evitar as descrições abstractas, as explicacións, os xuízos de valor e nunca hai que tratar de convencer ao lector do que ten que sentir. Contar contos é pintar con palabras, debuxar as escenas ante os ollos do lector para que este poida comoverse (ou non) con elas.
10. Pensa distinto, non te conformes, foxe dos tópicos. Un non escribe (nin microcontos nin nada) para contar o que xa se dixo mil veces.

En xeral, os principios aí recollidos concordan co que se atopa na rede baixo a forma do microconto. Obsérvese, porén, como o autor do manifesto mostra unha opinión distinta sobre a natureza da «greguería».

#### 4. O ROL DA INTERNET

Chegados a este punto, convén especificar que a internet desenvolveu aínda máis o xénero do microconto, facendo unha distinción entre o microconto propiamente e o nanoconto. A diferenza entrambos os elementos encóntrase na extensión. O segundo é basicamente unha creación recente, embora hai exemplos que o testemuñan xa no século pasado. Son perfectamente coñecidos os exemplos de Ernest Hemingway co seu:

*For sale: baby shoes, never worn.*

(Versión portuguesa: *Vendem-se: sapatos de bebé sem usar*)

e do guatemalteco Augusto Monterroso:

*Cuando despertó, el dinosaurio todavía estaba allí.*

Existe un público literario que adora as historias hiperbreves, un tipo de persoas que viven de présa e que pasan boa parte da súa vida perante un computador. É moi interesante o que un deses lectores afirma sobre as súas preferencias acerca da nanoliteratura, porque probablemente a maioría dos lectores habituais deste tipo de literatura se identifican con estas palabras:

Even before I did 70% of all of my reading on a computer screen, I had no patience for unnecessarily long works of fiction. I suppose this is why I became (and remain) a fan of the ultra-short flash fiction. (And probably also why I can't be bothered to finish *Anna Karenina*.) Flash is perfectly suited for online reading, and there are quite a few places that deal entirely (or almost entirely) in flash fiction.

## 5. UN PASO MÁIS: O NANOCONTO

Na literatura virtual actual, o nanoconto (en inglés *flash fiction* como se le enriba) ten un espazo moi importante. Desde a aparición da rede social *Twitter*, tense desenvolvido todo un movemento de creación de nanocontos que non ultrapasan os 140 caracteres. Realmente isto supón un reto para quen se lance a concentrar unha mensaxe literaria en tan pouco espazo.

Os nanocontos, algúns deles dunha calidade excelente, teñen distintos medios de edición. Como acostuma acontecer, é na literatura en español e en portugués onde hai maior proliferación deles, mais tamén as outras literaturas comezan a se abrir a este fenómeno, embora sexa a un paso máis lento.

O soporte máis común é o blogue. É claro que o blogue serve de soporte para moitos tipos de expresión escrita, onde o literario non é en absoluto secundario. Existen sitios na rede que recollen blogues de microliteratura e nanoliteratura.

Alén diso, a edición directa en sitios web é tamén moi frecuente, sendo xeralmente obra dun autor individual que recompila a súa propia obra.

Finalmente, existen libros dixitais e até editoras dixitais, con presenza só na rede. Un exemplo moi curioso diso é *Nanoediciones*<sup>4</sup>. É un portal dedicado a estes xéneros, onde todos os textos son en español. O interesante da oferta é que se ofrecen *nanolibros* imprimíbeis nunha soa páxina, en formato PDF, que se han pregar segundo unhas pautas dadas.

A cuestión dos dereitos de autor non ficou en suspenso na literatura virtual. Desde a aparición da Licenza Creative Commons, os autores ven salvagardados os seus dereitos intelectuais, mais ceden ao lector a obra gratuitamente (nos máis dos casos), permitindo a súa difusión libre sempre que o texto non sexa manipulado.

---

<sup>4</sup> Todo o seu catálogo está en [www.nanoediciones.com](http://www.nanoediciones.com), descargábel en formato PDF de balde.

Alén diso, é cada vez maior a existencia de premios literarios en que se fomentan tanto o microconto canto o nanoconto. Porén, a edición tradicional de microcontos e de nanocontos é ínfima, se cadra porque os editores teñen medo da reacción do público xeral perante este tipo de literatura. Convén dicir, porén, que unha edición en papel acompañada de imaxes pode resultar perfectamente comercial, mais o tempo será quen teña que sinalar as pautas.

## 6. BREVE MOSTRA TEMÁTICA DE MICROLITERATURA E NANOLITERATURA IBÉRICAS

A seguir, imos ofrecer unha mostra de microcontos e nanocontos nas distintas linguas iberorrománicas a partir dos temas máis frecuentes neste xénero.

### a) Crítica social (en ton irónico)

*No podia expressar-ho millor: « Ja té raó, ja, la gent, quan diu que tots tenim un preu! Però és que el meu és tan baix!». I no es tractava de que tingués l'autoestima baixa, no. Es trobava una persona molt professional i legal. Però hi seguia donant voltes: «potser hi tenen a veure la dignitat, els valors socials, la manera de ser...», però tampoc no servia. I no pas perquè no tingués totes i cadascuna de les qualitats que posava en el llistat, no. Tenia molta dignitat, uns valors sòlids d'igualtat social, de democràcia, de solidaritat. No li servia perquè era justament per tot això que es deia: «Ostres! Com puc apujar els preus si sóc puta de barri obrer? Com, amb la crisi econòmica que patim, els dic que la màdada val un 30% més, i el polvo un 50%? Amb quina cara em passejo pel barri, jo, després?». I va mantenir els preus.*

(Àngels Antiga Comas)<sup>5</sup>

### b) A cotidianidade

*Güei apurrióme venti euros mio güela. En cuantes marchó, fuí pal quioscu a mercar carambelos. Cuasi tolos domingos la xente enlléna-y el negociu a Llinu, el quiosqueru. Asina que diome tiempu pa camentar en marchá-y ensin pagar un paquete de chicles. Cuando-y sirvió a un cliente una revista de les que tien dentro, yo garré'l chicle de fresa. Después tocábame a min, pidí-y a tou meter los carambelos, pagué-y y salí a les carreres. El debió decatase d'ello y surdió a la mio escontra.*

—Fonsu, torna pa equí.

*Fuxí d'él. Aquel home debía ser adivín. Al nun ser que tuviere cámaras nel so quioscu. El casu ye qu'en casa conócenlu y van garrame como a un pinín. Entós viome mio ma y díxome:*

—¿Yá tamos fundiendo les perres que te diere to güela? ¿Cuántes te quedan? De xuru que nin un céntimu.

<sup>5</sup> [http://www.radiosantcugat.com/noticies/Cultura/41890.htm/gerard\\_minuesa,\\_guayador\\_del\\_concurs\\_de\\_microrelats\\_de\\_cugat.cat?envoi=1&note=2](http://www.radiosantcugat.com/noticies/Cultura/41890.htm/gerard_minuesa,_guayador_del_concurs_de_microrelats_de_cugat.cat?envoi=1&note=2) [08.08.2010]

—*Cachis na mar, el vultu.*

*La única aldovina ellí yera mio ma.*

(Nel Morán)<sup>6</sup>

- c) O tema relixioso (a partir dunha foto de dúas puritanas americanas dos inicios do século XX)

*Cona que as botou!!! Veñen pra aquí... Achanta neno, que non nos liguen... mimá! Acaban de pasar por diante das caixas e non ghunaron a priba... vellas perralleiras mal fodidas da Liga Presbiteriana Antialcólica do condado de Dougherty-Georgia... achanta, achanta que están aí...*

(Daniel Lavesedo)<sup>7</sup>

- d) Terror (aparente ou non)

*El dolor en el pecho era asfixiante.*

*Una tras otra, las lágrimas fueron brotando de sus apagados ojos.*

*Su pálido rostro se fue bañando de amargura.*

*En el suelo, ante ella, yacía inerte su corazón.*

(Vero Alonso Bravo)<sup>8</sup>

- e) Relacións persoais

*No seu peito batiam todos os tambores da noite. A lua nova era ferrenha tímida no repenique ritual dos corpos em dança. As línguas lufada húmida no percurso da pele, como regueifa de fruta lavada, com o sabor de amordiscos e palavras vibrantes de ardentia e suor.*

*Fora, a chuva tangia o seu adufe de estrelas e os cães latiam, teimosos, a sua solidão.*

—*Vamos ter um filho —diz ele após recuperar o fôlego.*

*A noite inteira sem dormir, a conversar, a procurar o calor fugidio no outro.*

—*Não falas a sério...*

—*Contou-mo ontem; sinto, Moira, não podemos continuar a nos ver.*

—*Mas... tu prometeras...*

*O incenso ardia devagar, a luz da alta-fidelidade iluminava a figa tatuada nas costas. Porém, de nada serviu. Os aguçados caninos morderam o pescoço,*

<sup>6</sup> <http://cordobello.blogspot.com/p/orbayu-seco.html> [08.08.2010]

<sup>7</sup> <http://microqontos.blogspot.com/2010/04/microqonto-cona-que-as-botou-daniel.html> [08.08.2010]

<sup>8</sup> <http://slonek.blogspot.com/2010/02/dolor-en-el-pecho.html> [08.08.2010]



*gomo sumarento. Sinodie soava enquanto, desta vez, para sempre não ia ser demais.*

(Júrgio Fernandes Martins)<sup>9</sup>

f) Anecdotas persoais

*Decidín ir mirar o partido, máis por facer a revisión diaria dos xornais e parolar un cacho co taberneiro ca por miralo, e collín o carreiro de Vilariño. Despois de mollar as «perneiras» entre os fentos do camiño e saudar un par de vellas que facían a rolda fotosintética dei chegado ao bar. Había dous ou tres seareiros bebendo, cos paraugas pendurados dos mandos do fútbolín, a agardar polo encete do encontro. Sentei nunha mesa illada, co Faro e mais a Voz ao meu carón, e comecei ler. Estaba eu enleado nun artigo que falaba dos novos recheos na ría cando un vello que axudaba o seu camiñar cun caxato de vimbio sentou á miña beira. Tentaba ler por riba de min o que a miña cobiza lle deixaba e ollaba para a pantalla co outro ollo; entón marcou un gol a selección de Senegal. O vello xirouse cara a barra e berroulle ao taberneiro.*

—Oes Sé, por onde queda Senegal?

*Eu parei un intre na lectura, buscando o xeito de lle explicar a aquel homiño a situación no mapa de África do país dos djembes, cando dende a barra a sabedoría tabernaria do Sé rematou coas miñas matinacións.*

—É en Dákar, Señor Manuel.

—Ah! Porto bonito! —dixo o vello—. E é que non lle podes aprender xeografía a un mariñeiro.

(Daniel Lavesedo)<sup>10</sup>

g) Fantasía

*A vella viúva aventou un beixo ao ar. O beixo atravesou a atmosfera, por riba de mares e montañas, alcanzando outro continente.*

*O beixo acabou pousando na fazula dun ditador que durmía. O ditador tivo daquela un pesadelo. Soñou que xacando fora persoa.*

(Xavier Frías Conde)<sup>11</sup>

h) Absurdo

*Cando el saíu do psiquiátrico, ninguén podería imaxinar que atoparía unha parella estábel. A relación daquel paisano con aquela muller de ollar ausente funcionou perfectamente até a fin das súas vidas.*

<sup>9</sup> <http://slonek.blogspot.com/2010/06/alala-sonambulo.html> [08.08.2010]

<sup>10</sup> <http://slonek.blogspot.com/2010/02/no-bar.html> [08.08.2010]

<sup>11</sup> <http://eonaviego.blogspot.com/2010/06/forty-two.html> [08.08.2010]

*Cabo de moitos anos preguntáronlle cal era a chave do suceso da relación. El respondeu:*

*—Élles todo cuestión de estatística. Eu son esquizofrénico, teño daquela dupla personalidade. Ela disque é tan simple que non ten nin personalidade. Por tanto, estatisticamente, somos dúas persoas e dúas personalidades.*

i) Erotismo

(Xavier Frías Conde)<sup>12</sup>

*Todo o día, à mesma hora, no mesmo chat, tinham encontro marcado. Trocavam confidências, carícias. Na vida real nunca se viram, nunca se tocaram.*

(Zezé Pina)<sup>13</sup>

l) Humor (a miúdo negro; neste caso baixo o título *Xeriátrico*)

*Nun sé que faigo equí. La xente que nun tien casa ye normal que venga, pero yo nun soi un ensin techu. Tengo collacios. La xente del pueblu vien veme. De xuru qu' esto ye un tracamundiú. A lo meyor tán iguándome la mio mansión. Casi de xuru que ye eso. El cura nun diba faceme esto. Yo dexé-y tola mio herencia, pero col aquello de qu' él diba curiame. ¿O non?*

(Nel Morán)<sup>14</sup>

## 7. CONCLUSIÓNS

Para concluirmos, é bo recoller as palabras dun especialista na materia. Nunha entrevista xornalística, Xosé Manuel Eyré<sup>15</sup> fai algunhas apreciacións moi interesantes acerca da microficción. Eyré céntrase no contorno virtual, a internet, como campo máis prolífico da microficción; afirma a este respecto:

A internet constitúe un hábitat no que se desenvolve con moita naturalidade porque o espazo se lle axeita moi ben. Porén, na internet o que predomina aínda é a escrita á clásica.

É moi tallante ao afirmar que a micronarrativa é a literatura do século XXI, onde di:

O meu convencemento sobre iso medra cada día que pasa. Non substituirá á literatura tradicional pero cada día está máis presente. Témolos na publicidade (en todas as múltiples versións), nas predicións meteorolóxicas, nas curtametraxes, nos videoclips, nos sms, nos horóscopos, nas lendas urbanas, nas cancións, no teatro radiofónico, nos breves e titulares de prensa... Calquera instrumento

<sup>12</sup> <http://eonaviego.blogspot.com/2010/06/forty-six.html> [08.08.2010]

<sup>13</sup> <http://microcontoszeze.blogspot.com/2009/12/77-mesma-hora.html> [08.08.2010]

<sup>14</sup> <http://cordobello.blogspot.com/p/orbayu-seco.html> [08.08.2010]

<sup>15</sup> Xornal *A Nosa Terra*: <http://www.anosaterra.org/nova/un-power-point-tamen-pode-ser-literatura.html> [08.08.2010]

pode axudar a contar unha historia... sempre que esteamos recibindo unha historia ou reflexión estamos lendo.

Finalmente, fai unha reflexión sobre se a microliteratura é un subxénero ou non:

Eu non lle chamaría subxénero. Dicilo equivale a aceptar as leis e regras do sistema literario tradicional. Cando precisamente esta literatura emerxente nace para contestalas abertamente, sen pudor e sen descanso. Non creo que a literatura en papel teña os días contados, aínda que cada vez os soportes dixitais son mellores, o tacto do papel, o cheiro, o pracer de follear... son dimensións físicas que o soporte dixital non pode reproducir. Porén, a escrita mínima é a que mellor se amolda a este tipo de soporte.

Non hai, xa que logo, dúbida de que tanto a microliteratura como a nanoliteratura, cuxas fronteiras aínda non están perfectamente definidas, atoparon un novo espazo de crecemento e creatividade nos novos formatos da internet. Como xa indicamos anteriormente, o seu desenvolvemento como «literatura rápida» ten moito que ver co tipo de vida habitual nos máis dos cidadáns do século XXI.

Evidentemente non foi todo dito, entre outras razóns porque sendo este un xénero en expansión, cuxa primeira «fase» é tan longa como a propia literatura, mais esta segunda comezou non hai sequera dez anos. A maridaxe entre literatura e internet aínda vai dar moitas sorpresas. As literaturas ibéricas están a se adaptar aos novos formatos e ás novas realidades, onde mesmo para aquelas máis febles a internet pode supor unha táboa de salvación, dado que os custos de edición convencional chegan a ser inasumíbeis. Por tanto, este é un futuro que está enteiramente por escribir e do cal mal demos unhas poucas pinceladas.